



PONTEVEDRA **NON-STOP**

6-12 HORAS BTT

REGULAMENTO

DENOMINACIÓN E TIPO DE PROBA

Global DXT S.L en colaboración co Exmo. Concello de Pontevedra, organiza a proba de ciclismo de montaña, denominada “ **Pontevedra NON-STOP 6-12h BTT**”.

Esta é unha proba ciclodeportiva de resistencia en BTT, con velocidade libre e “NON COMPETITIVA”

A participación está aberta a tódalas persoas maiores de 18 anos. Poderán participar aquelas persoas entre os 16 e 18 anos de idade, con autorización do seu titor/a legal(modelo na páxina web da competición), sempre que sexa en equipos de tres ou catro participantes, e acompañados por algún adulto.

DATAS E HORARIOS

• Proba de 12 horas

- A proba comezará as **9:00h dó 30 de setembro** e rematará as 21:00h dó mesmo día
- Quedará invalidado todo percorrido que se finalice despois das 21:00h
- Para evitar voltas non válidas, o paso por meta quedará pechado as 20: 35h

• Proba de 6 horas

- A proba comezará as **15:00h dó 30 de setembro** e rematará as 21:00h dó mesmo día
- Quedará invalidado todo percorrido que se finalice despois das 21:00h
- Para evitar voltas non válidas, o paso por meta quedará pechado as 20: 35h

INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse on-line, na páxina web www.emesports.es, e, sendo o 693798053 o teléfono de contacto para xestionar calquera dúbida.

A retirada de dorsais/placas/chips farase o día 29 de setembro en horario de 17 a 20 horas ou o mesmo día da proba, entre as 7:15 h e as 8:30h, previa firma dun COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN, no que queda indicado que aquelas persoas que non devolvan o chip de control en perfecto estado, deberán facer un pago de **30 euros á organización do evento** .

NON SE FARÁ devolución da cuota de inscrición en ningún caso. Permitirase cambio de titularidade da mesma ata o 15 de setembro de 2017.

ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA PROBA

- A proba dispútase mediante o sistema de RELEVOS POR EQUIPOS, sobre un circuito de BTT de aproximadamente 10 km, con saída e chegada no centro náutico “PONTILLÓN DE CASTRO” de Pontevedra.
- O circuito, cun tempo medio estimado de 30´ por volta, cumprira as condicións de distancia, sinalización e seguridade habituais neste tipo de probas.
- Durante o transcurso da proba, todo o percorrido estará aberto ó tráfico, polo que os participantes están obrigados a respectar as normas de circulación.
- **NO PERCORRIDO DE 6 HORAS**, habilitarase un carril de paso na zona de meta, para os participantes na proba de 12 horas, co afán de non interrompirla o transcurso da mesma.
- Cada equipo só pode ter un participante no circuito.
- Para que o equipo se clasifique, é imprescindible que, cando menos, cada membro do mesmo teña dado unha volta ó circuito.
- Tódolos participantes dun mesmo equipo irán identificados co mesmo nº de dorsal/placa máis unha letra identificativa.
- Cada equipo identificarase mediante unha única pulseira/testigo, que portará aquel participante que estea no circuito.
- A organización sinalizará, mediante o sistema de pit-lane, un único lugar para a transición da pulseira/testigo e que se realizará en base as seguintes normas:
 - A transición só está permitida na zona do pit-lane.
 - A entrada a zona do pit-lane **farase a pe**. Os que incumplan isto, poderán ser descalificados da proba.
 - A transición implica o intercambio da pulseira/testigo mediante contacto físico entre ambos corredores.
 - Superado o límite da zona de pit-lane, ningún corredor pode voltar atrás, tendo que completar unha volta completa ó circuito para poder entrar novamente no pit-lane.
- Cada volta será controlada mediante chip individual.
- Está permitido o uso de equipos de radio/intercomunicadores, GPS, sempre e cando estean homologados para uso público.
- Equipamento:
 - Casco homologado (**obrigatorio**).

- Bicicleta en correcto estado (**obligatorio**). Non se admiten bicicletas electricas ou con calquera tipo de motorización.
- Pulseira e DNI para poder ser identificado, en calquera punto do circuito, pola organización. A non concordancia entre DNI e placa/dorsal, ou a falta da pulseira identificativa implicarán a descalificación do equipo (**obligatorio**).
- Cámara e ferramentas (recomendable).
- Teléfono móbil (recomendable).
- Cada participante será autosuficiente dentro do circuito, o que implica:
 - Ter que solventar calquera avaría, por si mesmo, ou coa axuda solidaria de calquera participante no circuito nese momento.
 - Para recibir axuda externa habilitaranse dous puntos: un na zona de meta/pit lane e outro na metade do percorrido. Unha vez solventada a avaría, o corredor retornará a proba nese mesmo punto do circuito.
 - **En ningún caso** se pode desandar o circuito no sentido contrario ó da marcha.
- O director de carreira pode determinar a exclusión dun corredor da proba en base a:
 - Indicación e supervisión do servizo médico.
 - Actitude anti-deportiva ou anti-ecolóxica (TIRAR RESIDUOS Ó MONTE: barritas, xeles...)
- A organización resérvase o dereito de modificar/suspender o percorrido si por causas de forza maior e/ou para preservar o correcto desenvolvemento da proba así fora aconsellable.
- A organización recomenda a tódolos participantes a realización dunha revisión médica que asegure a idoneidade ou non da súa participación nesta proba.

PARTICIPACIÓN

- **Pontevedra NON-STOP 6-12h de BTT** é unha proba na que a participación se realiza mediante o seguinte esquema de equipos:

EQUIPOS - 1		EQUIPOS – 2				EQUIPOS - 3			EQUIPOS - 4			
Mascu lino	Feme nino	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Discap acit.	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Discapa citados

Os participantes na categoría de DISCAPACIADOS , terán os seguintes condicionantes:

- Todos os participantes deben ter recoñecida a súa discapacidade e deberán presentar acreditación para poder ser considerados como tal
- Estos grupos poderán ser masculinos-femininos o mixtos.
- Aceptanse handbike como bicicleta para discapacitados
- Poderán participar tanto en 6 coma en 12 horas

PARTICIPANTES EN 6 HORAS

EQUIPOS - 1		EQUIPOS – 2				EQUIPOS - 3			EQUIPOS - 4			
Mascu lino	Feme nino	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Discap	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Discap.
1 a 40		201 a 240				301 a 340			401 a 440			

Total de participantes en circuito (160)

PARTICIPANTES EN 12 HORAS

EQUIPOS - 1		EQUIPOS – 2				EQUIPOS - 3			EQUIPOS - 4			
Mascu lino	Feme nino	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Discap	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Mascu lino	Feme nino	Mixto	Discap.
1 a 40		201 a 240				301 a 350			401 a 450			

Total de participante en circuito (180)

CLASIFICACIÓN E AGASALLOS

A organización establecerá unha clasificación “Finisher” en función do número de voltas dadas ó circuito e a orde de chegada na derradeira volta.

Por ser unha proba “non competitiva”, as clasificacións que se confeccionen terán carácter meramente informativo.

Entregarase un agasallo de **FINISHER ESPECIAL** a aqueles participantes/equipos que fagan o meirande nº de voltas tanto na modalidade 6 horas coma na de 12 horas nas distintas categorías (equipos de 1-2-3-4 tanto masculino, coma feminino e mixto)

A organización resérvase o dereito a entregar os regalos conmemorativos que estime oportunos.

Perante o desenvolvemento da proba, os participantes disporán de información sobre a súa clasificación en tempo real:

- Pantaia informativa na que se reflectirá o nº de voltas realizadas e o tempo empregado por cada equipo.
- Consulta on line das clasificacións.
- Información por megafocía.

CLASIFICACIÓN FINISHER INDIVIDUAL 12 HORAS		
Finisher ouro	Finisher prata	Finisher bronce
+ 18 voltas	+ 15 voltas	+ 12 voltas

CLASIFICACIÓN FINISHER EQUIPOS 12 HORAS		
Finisher ouro	Finisher prata	Finisher bronce
+ 21 voltas	+ 18 voltas	+ 15 voltas

CLASIFICACIÓN FINISHER INDIVIDUAL 6 HORAS		
Finisher ouro	Finisher prata	Finisher bronce
+ 10 voltas	+ 8 voltas	+ 6 voltas

CLASIFICACIÓN FINISHER EQUIPOS 6 HORAS		
Finisher ouro	Finisher prata	Finisher bronce
+ 12 voltas	+ 10 voltas	+ 8 voltas

Tódolos participantes finisher poderán descargar o seu diploma acreditativo na web corporativa de **Global Dxt S.L** www.globaldxt.com.

Os participantes discapacitados acadarán diploma das distintas categorías con 2 voltas menos en cada unha delas.

SERVIZOS A CORREDORES E ACOMPAÑANTES

Servizos a corredores:

- Seguro de Responsabilidade Civil.
- Seguro de Asistencia Sanitaria.
- Servizo de fisioterapia gratuito.
- Ambulancia en zona de transición.
- Asistencia médica por facultativo.
- Zona de duchas.
- Taller mecánico gratuito (excepto pezas).
- Control de voltas por chip.
- Pantaia con información en tempo real.
- Regalos conmemorativos, avituallamento (todo o día), comida e merenda.

MODALIDADES DE INSCRIPCIÓN

Modalidade ciclistas tanto de 6 coma de 12 horas:

SEN dereito a comida		CON dereito a comida	
Do 04 de agosto ó 31 de agosto	Do 1 ó 15 de setembro	Do 04 de agosto ó 31 de agosto	Do 04 ó 15 de setembro
6-12 horas	6-12 horas	6-12 horas	6-12 horas
25 €	29€	33€	37€

Modalidade acompañantes:

CON dereito a comida
10,00 €

- Os participantes e acompañantes que se inscriban na modalidade **con dereito a comida + merenda**, deberán presentar una acreditación que lle será entregada por la organización para poder acceder á zona de catering.

Periodo de inscrición:

- Dende o día 4 de agosto de 2017 ata o 15 de setembro as 24:00 h.
- Non se realizarán inscricións no mesmo día da proba.
- O límite de participantes establécese nun máximo de 160 equipos na proba de 6 horas e de 180 equipos na de 12 horas.
- Establécese un mínimo de 180 participantes. En caso de non cubrir estas prazas,

NORMAS DE COMPORTAMIENTO

- Adianta con precaución e indica a maniobra con antelación.
- Se eres adiantado, facilita a maniobra.
- Sé solidario. Proporciona axuda a aquel participante que cha demande.
- Sé respetuoso: os demais participantes, o público, a organización e o medioambiente agradecerano.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. IMAXE E PUBLICIDADE

- Dacordo co establecido pola Ley Orgánica 15/1999, de 13 de Diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os participantes no momento de facilitar os seus datos outorgan o seu consentimento para que sexan incluídos nun ficheiro automatizado propiedade da organización.
- Os participantes autorizan a organización a difundir as imaxes que se tomen con motivo da proba.
- Tódalas persoas que o soliciten poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos e imaxes mediante correo electrónico dirixido a dirección de e-mail: info@globaldxt.com.

EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADES

- O participante é responsable da súa condición física, de coñecer o percorrido e a esixencia física que conleva, da comprobación médica da súa saúde e estado de forma, dos danos que puidera ocasionar ou ocasionarse pola súa participación, asumindo persoalmente o risco inherente para a saúde que supón o esforzo físico requerido para a participación e renuncia a tódolos dereitos e pretensións contra os organizadores e colaboradores.
- O participante, no momento da súa inscrición, manifesta atoparse físicamente apto para a realización da proba. O seguro de accidentes só cubre ACCIDENTES e non calquera tipo de incidente. Os medios sanitarios, no caso de que sexa preciso, trasladarán ó participante ó centro concertado coa compañía de seguros, donde valorarán se a circunstancia do traslado foi un accidente ocasionado durante a proba ou un incidente.
- O participante exime, expresamente, a Global DXT SL e/ou a calquera persoa física ou xurídica vencellada a organización da proba, das responsabilidades derivadas de calquera


GLOBALDXT PONTEVEDRA S.L. Rúa Virxilio Blanco Nº6-Ático B- Pontevedra- 36003. TLFn 69398053. Mail info@globaldxt.com

accidente causado tanto por motivo de feitos de circulación como por accidentes deportivos, sin perjuicio dos que legalmente lle son propios.

- O participante exime a Global DXT SL e/ou a calquera persoa física ou xurídica vencellada a organización da proba, das responsabilidades derivadas pola perda, deterioro, roubo, extravío ou outras circunstancias dos seus obxectos persoais.

ANEXOS

Anexo I



- Descripción do pit-lane